



## **Posicionamento das Asociacións de Enfermaría de saúde mental, traballo e saúde laboral, matronas, xeriatria, pediatria, e familiar e comunitaria.**

### **“OS ENFERMEIROS E ENFERMEIRAS ESPECIALISTAS ESIXEN O SEU RECOÑECIMENTO PROFESIONAL TANTO NA EMPRESA PÚBLICA COMO NA PRIVADA”**

- *Os enfermeiros e enfermeiras queixanse que maila regulación por lei das especialidades de enfermaría, as convocatorias de postos de traballo non teñen como requisito imprescindible ser enfermeiro especialista.*

As Sociedades Científicas de Enfermaría de Saúde Mental (ANESM), de Traballo e Saúde Laboral (AET), Matronas (AGAM), Xeriatria (SGXX), Pediatria (AGAPap) e Enfermaría Familiar e Comunitaria (AGEFEC), as únicas que contan con programa formativo da especialidade, reclaman, a través dos seus presidentes ou representantes autonómicos, o recoñecemento profesional das especialidades de enfermaría nas convocatorias de postos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia tanto nas empresas públicas como no ámbito privado.

Estas Sociedades Científicas non entenden como a Administración Pública, despois de facer unha custosa inversión na formación destes profesionais, unha vez rematado o seu proceso formativo quedan excluídos do ámbito laboral sen posibilidade de, na maioría dos casos, poñer ao servizo dos cidadáns as competencias adquiridas.

Os enfermeiros especialistas son un recurso que non pode ser desbotado. O Sistema de Saúde non pode permitirse desaproveitar estes profesionais, dado que os usuarios e usuarias do Servizo Galego de Saúde merecense ser atendidos por profesionais coa mellor formación e coa máxima seguridade posibles ao longo do seu ciclo vital.

As sociedades arriba citadas, facemos un chamamento, tanto a empresa pública como a privada para que, de cara a cobertura de vacantes de enfermaría nas súas prantillas, contemplan como primeira opción a contratación dun enfermeiro ou enfermeira especialista.

**Asociación Galega de Matronas (AGAM)**

**Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria (AGEFEC)**

**Asociación Nacional de Enfermería de Salud Mental (ANESM)**

**Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria (SGXX)**

**Asociación de Especialistas de Enfermería del Trabajo (AET)**

**Asociación Galega de Pediatría en atención primaria (AGAPap)**